



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 7 DE NOVEMBRO DE 2025

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

JESUS ROMERO CARRACELAS
LUCIA PICOS ANEIROS
ISMAEL DURAN BEREIJO
XULIO CRIBEIRO GARCÍA
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ
HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA
MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ
OLGA IGLESIAS BEREIJO
NOEL LOPEZ LOPEZ
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ
Mª DIANA CENDÁN RODRÍGUEZ

AUSENTES:

Escusa a súa asistencia a Concelleira:
CARMELA PRIETO CAL

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 11:00 horas do 7 de novembro de 2025, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión extraordinaria e urxente, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA

Pola Presidencia infórmase que a urxencia deste Pleno extraordinario é debida a que a Deputación comunicou que o proxecto emendado foi informado favorablemente e solicitou a aprobación do mesmo polo Pleno do Concello.

De conformidade co previsto nos artigos 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 79 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,



aprobado por Real decreto 2568/1986, sométese a votación ordinaria a ratificación da urxencia da convocatoria, resultando aprobada por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP.

2. APROBACIÓN DO PROXECTO EMENDADO DA AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP.

Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 6 de novembro de 2025, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO PROXECTO EMENDADO DA AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL

Expte. 2025/C003/000007

Mediante o acordo plenario de data 10 de setembro de 2025 solicitouse a inclusión do investimento denominado “Ampliación e reforma da piscina municipal” nunha subvención nominativa da Excm. Deputación Provincial, e foi remitido o proxecto técnico redactado polo arquitecto D. Antonio Iván Rivas Rico (colexiado núm. 3117 do COAG) e asinado o 01.07.2025, polo importe total de 588.790,09 € (IVE incluído).

Unha vez revisado o proxecto técnico polos servizos técnicos da Deputación Provincial con resultado desfavorable, foi encargada a emenda do antedito documento.

Con data 03.11.2025 (R.E. 2025/999/2318) o arquitecto D. Antonio Iván Rivas Rico presentou o proxecto técnico emendado e un informe relativo á subsanación de deficiencias detectadas; ambos documentos asinados dixitalmente o 03.11.2025.

Por isto, propoño ao Pleno da corporación o seguinte acordo:

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Ampliación e reforma da piscina municipal”, emendado de acordo co requirimento dos servizos técnicos da Deputación Provincial e asinado dixitalmente con data 03.11.2025 polo redactor D. Antonio Iván Rivas Rico, o cal contén modificacións que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica.
- 2.- Enviar o antedito proxecto técnico á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL, en substitución do exemplar inicialmente enviado.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Bueno, voume referir outra vez ó Pleno ordinario do 29.05, no que a nosa intervención dicía: dende o inicio da presentación da nosa candidatura tivemos claro a prioridade da construción dunha nova piscina de 25 metros. Tal e como aparecía no noso programa electoral, a ubicación, tal e como reflexan as fotos, sería a actual pista de tenis. Programa electoral, por certo, elaborado polos meus compañeiros e por min en apenas un mes dende Cedeira. O 20 de maio do ano 2023 o señor Xosé Antón Rodríguez Arribe manifesta, manifestaba: non queremos a piscina máis grande, as cousas pequenas que funcionan tamén valen. Dicía, repito: non, non, non queremos a piscina máis grande, tal como aparece reflexado nos medios de



comunicación. Díciámos nese Pleno, que é patente o nivel de éxito dos clubs de natación de Cedeira con deportistas acreditados de primeiro nivel galego e alto nivel do Consello Superior de Deportes, deportistas internacionais coa Selección Española e deportistas clasificados para o campionato do mundo de acuatlón e duatlón e o grado de uso por parte dos veciños de Cedeira coa piscina actual. Díciámos nese Pleno que o PSOE e o BNG de Cedeira levaban anos, anos, dando tumbos e Cedeira non conta cunha piscina adecuada e a culpa, é moi sinxela, díciámos que a culpa é de vostedes.

Preguntábamnos, por que son necesarias as gradas da nova piscina? Díciámos porque poderían celebrarse durante case todo o ano, unha ou dúas competicións mensuais coa participación de máis ou menos de 200 nadadores. E preguntábamnos, que suporía isto? Isto suporía que ademais dos nadadores tamén contaríamos coa presenza de preto de 400 familiares que farían noite en Cedeira, consumirían no comercio local, comerían nos bares e restaurantes e deixarían os seus diñeiros en Cedeira. Isto suporía un forte crecemento a nivel económico para Cedeira, sobre todo, en temporada baixa, en temporada baixa turística. Ademais do fomento de dinamización de actividades deportivas. Nosoutros facíámoslle, xa naquel Pleno, unha suxestión para que, se o consideran oportuno, a teñan en consideración, que teñan en consideración as nosas propostas. Propostas que foron en balde e que non son máis que polo ben de Cedeira. É máis, poden facer unha consulta veciñal e pregunten se os veciños de Cedeira queren unha piscina con gradas ou sen gradas. Díciámos que democraticemos o proceso e teñamos en conta a opinión dos cidadáns. E todo isto para que? Para que os familiares, tanto de Cedeira que desexen ver aos seus fillos, como aqueles que veñen de fóra, podan dispoñer de gradas e poidan desfrutar dun espazo así. Hai numerosos concellos que seguiron eses pasos. E pedímoslles, naquel momento, que fixeran unha reflexión e retiraran ese punto da orde do día e, en vez de queixarse e chorar permanentemente, traballasen para que os veciños de Cedeira teñan unha piscina digna para uso e disfrute dos cedeireses e sexa unha de primeira categoría e non de terceira.

Preguntábamnoslle por que na páxina 327 deste proxecto se di en canto á clasificación do contratista: non é indispensable que o empresario se atope debidamente clasificado, posto que o valor estimado das obras deste proxecto é inferior a 500.000 €, cando as obras superan os 500.000 €. Era unha afirmación que está firmada por Iván Rivas, arquitecto número colexiado 3117. Pedíamos tamén que se aclarase, por parte da Secretaría e Intervención, como se pode aprobar dito texto con dous presupostos distintos. Pedíamoslles tamén explicacións porque na páxina 362 permite que o proxecto represente alteracións fundamentais do mesmo a xuízo do director de obra, non do Arquitecto do Concello de Cedeira. E a variación do orzamento material representa unha desviación de máis... pode resultar unha variación de máis do 20%. Iso suporía que o proxecto pasase dos máis de 500.000 € a 817.082,08 €. Saldría esta modificación, a criterio único e exclusivo do director de obra, e o proxecto definitivo en 670.572,16 €. Por segunda vez, preguntamos nun Pleno, neste Concello de Cedeira, cales son os honorarios do arquitecto redactor do proxecto da piscina de Cedeira. O pasado 12 de setembro solicitamos acceso e copia dun expediente. O día 23 respondeunos o señor Alcalde e a súa resposta, unha vez máis, non nos sorprende, por innecesaria e por ser algo filibustera e obstrucionista. Primeiro, non era necesario que nos autorizase o acceso ao expediente, pois transcorridos 5 días dende a solicitude, sen que nola denegase motivadamente, xa estaba por mandato de Lei que tiñamos acceso a ese expediente. Díciámos, en segundo lugar, que non podía ser que aos servizos administrativos se deixe un prazo de ata tres meses para que podamos consultar o expediente solicitado. A día de hoxe todavía non o temos. E elo porque non hai que recompilar grande documentación, é un escueto expediente dun contrato menor, ademais cun expediente xa dixitalizado. Señor Alcalde, en varias ocasións manifestámoslle que é vostede o Alcalde máis destrutor que pasou por Cedeira. Na actualidade, coa complicidade do BNG de Cedeira. Eu creo que non é un motivo de risa, eh? Por parte dalgúns Concelleiros do BNG. Destruíu a praza dos cabalos, destruíu e eliminou a fonte do paseo marítimo, eliminou unha plantación arbórea no paseo marítimo de eucaliptos, vai a destruír o pump track no que vostede, cos cartos dos cedeireses, gastou máis de 120.000 €. Eliminou recentemente, o 95% das árbores da praia da Magdalena, o que supón un gravísimo atentado medioambiental. Arrasou toda a vexetación da praia da Magdalena e agora ven con outro proxecto no que se vai a destruír a piscina actual. Nós, dende as nosas limitacións de coñecementos urbanísticos, xa lle advertimos no Pleno de varias irregularidades, de varias



irregularidades no proxecto, cousa que vostede, e o BNG de Cedeira, ignorou. Mire, o expediente 202500007440 - Asunto: ampliación e reforma da piscina municipal en Cedeira - é por parte da Deputación da Coruña, desfavorable. Por certo, a documentación pedida por este portavoz, non aparecía en papel este informe. Facilitóusenos por parte de funcionarios municipais unha vez que detectamos que non aparecía na documentación que se nos facilitou para a realización deste Pleno extraordinario. Este informe desfavorable por parte da Deputación da Coruña, é un pouco longo e di que deberá emendar os seguintes aspectos: eliminará as referencias a marcas comerciais de todos os documentos do proxecto, según establece o artigo 126.6 da LCSP. No proxecto menciónanse marcas: CINCA, Wolf, Indelcasa, Kamstrup, Armafle, Sedical, Wilo, Genebre, Judo, FYM ITALCEMENTI GROUP, Rockwool... en varios documentos. Semella haber un erro xa que non están incorporados á memoria os Anexos 1, 2, 3 e 4 que si estaban no proxecto inicial. Na clasificación do contratista non pode poñer máis de 4 subgrupos. Na documentación xustificativa do cumprimento do Código Técnico de Edificación deberá emendarse o seguinte: deberá aclarar a sectorización, a superficie do sector que indica non inclúe a zona anexa de oficinas e almacén, polo que a porta que divide ambos sectores terá que ser de sectorización ou incluír todo nun mesmo sector. A superficie útil de evacuación que indica non se corresponde coa superficie útil do vaso mais a praia, deberá indicar as condicións de espazo exterior seguro dos espazos e aos que evacúa os dous percorridos que non son á vía pública. A luz de emerxencia na porta de acceso a oficinas se non é evacuación resulta confusa, debería levar sinalización de non saída. O orzamento de seguridade e saúde inclúe partidas non subvencionables, reunións de obrigado cumprimento, primeiros auxilios...

Respecto ao prego de cláusulas administrativas, inclúe un prego xenérico que non fai referencia as obras concretas de piscina. Respecto ó orzamento: tal como se indicaba no apartado 1 dos distintos documentos do orzamento igualmente deben eliminarse as referencias a marcas comerciais. Inclúe partidas non subvencionables como control de calidade, probas de posta en marcha, e as mencionadas de seguridade e saúde. O orzamento das instalacións contra incendios non é coherente co indicado nos planos. Isto está firmado pola arquitecta do SATM, Mónica García Mallo e co visto e prace do xefe de sección Francisco Seco Franco.

Na documentación que se nos facilitou para este Pleno extraordinario e urxente, que repito na páxina 426 que fai referencia á clasificación requirida do contratista, repito, na páxina 426, que se nos facilitou nesta documentación para este Pleno, fai referencia á clasificación requirida ó contratista, non aparece nada, aparece en branco. Rogamos, por terceira, vez que se nos facilite cales son os honorarios a percibir por parte do señor arquitecto redactor do proxecto da piscina de Cedeira e o expediente municipal de contratación de dito arquitecto.

Actualmente está moi de moda o cambio de teléfono e o borrado de whatsapps por parte de algúns personaxes públicos. Antes de que isto poida acontecer, os integrantes deste grupo Popular de Cedeira queríamos saber, por parte dos Concelleiros aquí presentes do BNG e do PSOE, cal é a situación política actual, a actividade política, se son conscientes cada un de vostedes da situación política e a actividade política do arquitecto redactor do proxecto. Nós pedímoslles por varios motivos expostos, hoxe e anteriormente, que retiren esta proposta irregular por parte do BNG e do PSOE.

Así mesmo, rogamos que esta intervención do Partido Popular de Cedeira neste Pleno, sexa transmitida a todos os grupos políticos da Deputación da Coruña para o seu coñecemento e que eles actúen en consecuencia. Nada máis.

A Sra. Pernas Díaz di: Bueno, poderíamos volver a repetir outra vez, como se fixo no Pleno anterior e volver a dar todos os costes da piscina, que é inviable, pero creo que todos os que estamos aquí o escoitamos nese momento e nós seguimos pensando o mesmo: para este pobo é inviable manter dúas piscinas. Non só facela, senón mantela.

Con respecto ó ultimo que dixi, si é certo que lle chama moito a atención porque Iván Rivas é do BNG. Eu quixera saber se é outro calquera se lle íamos a preguntar de que partido é antes de conceder ou non conceder.

CVD: 6e4RjQNAy7K8cFry18kh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.cedeira.gal/>



O Sr. Cribeiro García di: Por suposto.

A Sra. Pernas Díaz di: E ademais que se lle pregunta a todos eh? Nada máis que dicir.

O Sr. Cribeiro García di: Eu quero recordarlle que o arquitecto redactor do proxecto é un Concelleiro en activo do BNG no Concello de Ferrol.

A Sra. López Rodríguez di: E arquitecto. A xente do BNG non traballa? Só é Concelleiro, non temos outros traballos. Que non nos contrate ninguén, solo somos Concelleiros.

O Sr. Cribeiro García di: Xa... xa se determinará.

A Sra. López Rodríguez di: Efectivamente.

O Sr. Alcalde di: Imos a ver, eh... volvemos a entrar na intervención, señor Cribeiro, un popurrí, a verdade é que é un popurrí de moitísimas cousas. Empezo polo final, para rematar canto antes, o proxecto; calquera proxecto que entra no Concello ten que estar supervisado polos Servizos Técnicos do Concello. Moitas veces eses proxectos pois veñen incompletos ou con carencias que hai que corrixir, se lles manda corrixir, os arquitectos volven a corrixir, volven a presentalo no Concello e podes tardar x meses ou o que sexa, dependerá ás veces da capacidade, ou da complexidade que teñen os proxectos. Neste caso, este proxecto xa me contaredes que irregularidades ten cando é presentado na Deputación da Coruña, supervisado polos Servizos Técnicos de Atención aos Municipios da Deputación da Coruña, con un informe favorable. O informe favorable, como ven di, creo que viña aquí onde poñía no expediente, é do 4 de outubro, expediente favorable onde pon que consideracións técnicas e legais; examinada a documentación en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, artigo 6 do CTE, aprobado por Real Decreto 314/2006) emítese informe favorable por considerar que se cumpren os requisitos esixidos ao respecto. Co cal, creo que con isto... Este non o debe de ter vostede, porque non sei que documento pediu, pero bueno, vostede solicitou un documento e se lle entregou. Todos os proxectos que veñen do POS que moitas veces se ratificaron, nestes últimos anos, nestes 10 anos que levo aquí, ninguén pediu os informes, e si os pediu se lle entregaron. É dicir, vostede pide este pero houbo 40.000 ratificacións de proxectos, ben podía pedirmos calquera deles, é dicir, non hai ningún problema. Tome, se quere o último requirimento, o informe favorable é este, por se non o ten. Quero dicir que non hai ningún problema... é mais, este foi o primeiro, este é o segundo que ten vostede...

O Sr. Cribeiro García di: Xa o teño entón.

O Sr. Alcalde di: Despois dicía un pouco un popurrí porque bueno, non vou a entrar xa no das descalificacións, pero bueno, un pouquiño que sí que quero poñer en valor pois todo o que está facendo este Grupo de goberno nos últimos anos, polo tema do deporte en Cedeira, pola Cultura, non? Empezando polos clubs e entidades deportivas que aquí se intenta pois coidar a todas e a todos para que haxa un fomento do deporte e que haxa a máxima actividade cultural posible, pois dentro de todas aquelas persoas que adican parte do seu tempo a estar en directivas e a formar a persoas e axudar coas súas actividades a desenvolver esas mesmas actividades, non? Houbo un incremento, digo case por cinco, dos investimentos en Deportes e Cultura, dos últimos anos comparado co último goberno do Partido Popular, cando un Orzamento municipal non se multiplica por cinco. O Concello ten que traballar en todos os ámbitos, en todos os clubs, non solo no Club de Natación, ou no Cedeira, ou nas Discalzas, ou no Club de Bádminton, senón temos que intentar aportar en todos os eixos. A todos nos gustaría ter unha piscina de... non de 25, de 50 como ten San Cibrao, vinculada a Alcoa, que lla paga



Alcoa, paga luz e paga todo, un campo de fútbol cuberto, tres polideportivos... pero nós somos un pobo de 6.600 habitantes coas necesidades que temos e cos ingresos que temos e todo iso, non?

Vostede estivo a semana pasada cando estivo aquí o Vicepresidente da Xunta, cando viu ver os terreos onde se ía facer o CADE... bueno, tamén se podía haber pasado pola piscina, pero bueno... nas últimas xuntanzas que tivéramos co tema da piscina pois el a verdade é que non nos recibiu, pero bueno. Nós temos a piscina que temos, vaise facer unha ampliación para ter unha piscina digna para o Concello. Cos outros investimentos, que os poño en valor eh? Nos últimos anos fixéronse tres pistas de pádel, das cales dúas están cubertas e permiten que haxa unha actividade que son as clases de pádel onde non hai horario para poder participar nas propias actividades, e incluso eu mesmo estou en lista de espera. Onde hai un club que ten catro equipos, dous masculinos e dous femininos, que compiten a nivel autonómico. Onde se cambiou o alumeado e o chan do Polideportivo de Cedeira, sendo un dos mellores chans que poden ter os polideportivos en Galicia. -Dito aínda non hai moito cando se fixo aquí a Copa de Galicia de Voleibol.- Cambiouse o chan do campo de fútbol que tamén foi un investimento con fondos propios de sobre 260.000 €, o cal ía a supoñer un antes e un despois tamén para que todas estas persoas que están, tanto no club de natación e triatlón, ou mesmo se nalgún momento o club precisa das instalacións para poder mellorar a súa actividade.

Así como tamén, bueno, pois unha das carencias que temos pois é tamén coidar o noso Club de Remo Cedeira, o cal nos está solicitando que lle pidamos a Portos un espazo público para construírles unha nave onde poidan gardar embarcacións e tamén non ter que andar tendo que poñer os seus medios noutros espazos para poder desenvolver esa actividade. E bueno, tamén recordo que tamén se ampliou o ximnasio do campo de fútbol. Bueno, eu creo que somos a envexa da comarca e creo que moitos pobos de Galicia cunhas condicións económicas, sociais, culturais como ten Cedeira, non? Creo que isto é algo así.

Respecto ó tema de Costas da praia, bueno, aí xa non vou entrar. Creo que xa se falou bastante. Vostedes o que teñen é que mirarse o seu embigo a ver por que votaron a favor do proxecto cando se desenvolve e se leva a cabo bueno, todo son... todo é dicir o contrario, pero bueno, isto son cousas que vostedes teñen que levar e asumilo e o proxecto quedará. Fixo o contrato o Estado, que non o fixo Moreda que non teño capacidade para facer un proxecto dese tipo.

E así que nada máis, creo que con este finaliza todo o que a Deputación nos pide, nos require para acabar este proxecto, para asinar este convenio que nos vai a dar unha mellora nas instalacións, non só para os clubs, senón tamén para non sei cantos usuarios pode haber, pero igual 300-400 usuarios que poden ir á piscina normalmente. Co cal as actividades se poden desenvolver con máis xente dentro da piscina, do vaso, e creo que iso é o máis importante. E creo que neste tipo de proxectos todo sempre é mellorable, tanto neste coma noutros, pero bueno tamén se agradecería sempre pois que todos rememos xuntos a favor para calquera tipo de proposta, porque é impensable que ter as mellores condicións pois con estas aportacións económicas que, por exemplo, temos no Concello de Cedeira, se non é pola Deputación da Coruña, polo aporte económico que temos sería moi difícil poder levar un Concello cos criterios que aplica a Xunta de Galicia a través do Fondo de Cooperación Local, co diñeiro que aporta ós concellos. Nada máis. Imos proceder a votar.

O Sr. Cribeiro García di: Si. Poido?

O Sr. Alcalde di: Si. A intervención que sexa máis breve, vale?

O Sr. Cribeiro García di: Si, si. Vostede leva 10 anos aquí como Alcalde e o único que fai é manifestar desculpas, desculpas, desculpas... unha tras outra.

O Sr. Alcalde di: Son proxectos, non son desculpas, son execucións.

O Sr. Cribeiro García di: Mire, leva vostede aprobados presupostos, nestes 10 anos, por un valor de máis de 60 millóns de euros.



O Sr. Alcalde di: Si, e máis, perdóeme que o interrompa. É curioso porque en 10 anos, aprobamos 11 orzamentos, sabe por que?

O Sr. Cribeiro García di: Mais...

O Sr. Alcalde di: Sabe por que? Pola incapacidade do Goberno, do último ano do goberno do Partido Popular por non ter aprobados os Orzamentos e ter que levantar 700.000 € en reparos antes das eleccións en obras que tiñan reparos de Contratación. Pois ese Orzamento aprobámolo tamén nós cando entramos no Concello, sen experiencia ningunha. Pero bueno, pode seguir, eh.

O Sr. Cribeiro García di: Unha vez máis son desculpas, desculpas e desculpas. É unha pena que vostede todo o que manifesta en etapas anteriores non teña a ninguén dos que estaban nese momento gobernando para contestarlle.

O Sr. Alcalde di: Si, si que ten. Ao seu lado está un compañeiro que estivo nese Goberno, eh? No 2014.

O Sr. Cribeiro García di: Máis de 60 millóns de euros en presupostos. Ten vostede para o POS do ano que ven, un millón e medio de euros. Cartos ten, tivo e ten. Con respecto a...

O Sr. Alcalde di: Para o POS do ano que vén un millón e medio de euros?

O Sr. Cribeiro García di: Si, está posto nos medios de comunicación.

O Sr. Alcalde di: Onde está o millón e medio de presuposto?

O Sr. Cribeiro García di: Téñoo aquí no teléfono, logo se quere ensinollo.

O Sr. Alcalde di: Si, ensineme as cantidades... Está aquí a Interventora. Interventora, hai un millón e medio de euros nun POS?

O Sr. Cribeiro García di: Un POS adicional, creo.

O Sr. Alcalde di: O POS adicional aprobámolo o outro día. Creo que vostede viu ao Pleno, de 212.000 €.

O Sr. Cribeiro García di: Non, millón e medio de euros hai, está posto.

O Sr. Alcalde di: 212.000 € aprobamos o outro día o POS adicional. Se vostede vai subindo, pero bueno, benvidos sexan, eh? Se ven da Xunta outro millón e medio de euros, tamén nos alegraríamos moito.

O Sr. Cribeiro García di: Hai un POS. Respecto a se un arquitecto pode ou non pode facer proxectos? Por suposto que nosoutros dicimos que pode facer proxectos. Nosoutros non lle dicimos a Iván Rivas que non pode facer proxectos, e traballe. Agora, unha relación de proximidade e de clientelismo entre dous representantes do mesmo partido, a nosoutros parécenos escandaloso. Escandaloso. Non sei que opinará a señora Ana Pontón deste tema. Escandaloso. É un escándalo maiúsculo. Permitido polo señor Alcalde que tamén é consciente de quen é Ivan Rivas. É un escándalo total. Si, non se ría, eh? Non se ría. O señor Iván Rivas que traballe de arquitecto, pero é Concelleiro.

O Sr. Alcalde di: Bueno, imos rematar. Procedemos á votación.



O Concello Pleno, en votación ordinaria, por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR a proposta de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 11:32 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ